

PRIMAVERA EN DANZA

en outono

XVIII Edición



do 27 nov ao 7 dec | 2020
Pazo da Cultura | Carballo



27 novembro | 20.30

PISANDO OVOS

[GALICIA]

Directo 9

95 MIN | 4 € / 3 €
PÚBLICO ADULTO
RECOMENDADO +14 ANOS

Baixo a dirección da creadora e bailarina, Rut Balbís, *Directo 9* é a nova proposta da compañía galega Pisando Ovos dirixida a novas linguaxes escénicas, con creación contemporánea, onde os concertos forman parte da sociedade actual, e invita a todos os asistentes a vibrar conxuntamente.

Os corpos son propios de atletas, levados a límites físicos, ao desgaste e ao cansanzo extremo, grazas á música dun dj que, unha vez, superado o clímax, descúbrenos a parte máis íntima e persoal dos corpos vacíos, agora máis fráxiles, máis transparentes.

*“Na dureza da paisaxe que se deixa ver xermina a beleza da humanidade”
(Rut Balbís)*

Creación e dirección: Rut Balbís
Interpretación: Fran Martínez, Jas Processor, Cris Romero e Laura Villanueva
Deseño de iluminación: Afonso Castro
Música e son: Jas Processor

28 novembro | 20.00

NOVA GALEGA DE DANZA

[GALICIA]

Leira

60 MIN | 5 € / 3,5 €
PÚBLICO XUVENIL E ADULTO

O corpo e a terra estreitan os seus lazos nun espectáculo de danza con música en directo, da man da intérprete galega, Rosa Cedrón, que nos transporta á dura beleza dos labores do campo.

A muller no centro desta conexión telúrica, entre o sol e a choiva, entre crúas paisaxes de intemperie habitadas unicamente por unha coreografía humana de apeiros de labranza, que danzan entre os surcos arados da terra.

A compañía Nova Galega de Danza presenta un espectáculo no que a danza é moi física e onde se fusiona o tradicional co contemporáneo. A composición musical deste espectáculo está realizada polo compositor carballés, Sergio Moure, que ten creado numerosas bandas sonoras para cine, televisión, así como en series e documentais.

Celebración dunha Galicia intemporal e máxica

**Dirección artística e
escenografía:** Jaime Pablo
Díaz/ **Coreografía:** Iker
Gómez/ **Intérpretes:** Inés
Vieites, Estefanía Gómez, Iván
Villar, Pablo Sánchez, Ricardo
Fernández e Uxía Rivas /
Composición musical: Sergio
Moure / **Voz e música en
directo:** Rosa Cedrón/ **Deseño
de iluminación:** Antón
Cabado/ **Son:** Alberto Beade/
Vestuario: Erica Oubiña

05 decembro | 20.00

SARA CANO

[MADRID]

Sintempo

60 MIN | 5 € / 3,5 €
PÚBLICO ADULTO

O mundo creativo da coreógrafa e bailarina Sara Cano nace da experimentación entre o flamenco e a danza contemporánea, sen medo a mesturar linguaxes coreográficos ben distintos, nun continuo proceso na procura dun estilo propio.

Detente, instante,...

Dirección, coreografía e interpretación: Sara Cano/
Dirección en escenas con texto: Teresa Rivera/
Composición musical e espazo sonoro: Héctor González/
Deseño de iluminación: Gloria Montesinos (A.a.i.)/
Deseño de son: Jorge Díaz "Roy"

O seu segundo espectáculo, *Sintempo*, busca poder falar do paso do tempo, do atemporal, do que permanece e do que se vai, creando unha danza anacrónica, feita de pasados, presentes e futuros, unha danza sen tempo... simplemente persoal.

Sara Cano é unha das corégrafas máis recoñecidas do panorama nacional, polas súas creacións persoais e xenuinas, sempre a cabalo entre danza española e o contemporánea.

Recentemente premiada cun Max á mellor coreografía no ano 2020, presenta en Carballo un precioso e emocionante espectáculo cunha mirada ao futuro sen perder a forza na tradición.

06 decembro | 20.00

EXIRE

[GALICIA]

Médula

90 MIN | 4 € / 3 €
PÚBLICO ADULTO

Dúas mulleres de distintas xeracións, pónense na pel dunha e á vez de moitas mulleres, que dende o seu instinto e forza conseguen trazar un camiño na procura da súa liberdade e felicidade, asomándonos a vivencias máis duras e a outras máis doces.

A compañía Exire presenta o espectáculo *Médula*, unha peza que fala das pegadas que vai deixando cada muller aquela que precedeu, unha ollada ao mundo instintivo, feminino e salvaxe.

Creación, coreografía,
interpretación e vestuario: Alba
Fernández e Ana Beatriz Pérez/
Asesoramento coreográfico:
Armando Martén/ Espazo sonoro
e asesoramento musical: María
Move/ Percusión batá: Alexis
Fernández/ Pandeireta: Halimah
Shalabi.

Somos
elas e
elas
nós



07 decembro | 20.30

VERTICALIA

[GALICIA]

Alma (non é hippie)

65 MIN | 4 € / 3 €
PÚBLICO XUVENIL E ADULTO

A compañía de danza Traspediante e a de circo aéreo Duelirium únense neste primer proxecto de Colectivo Verticalia, para crear un espectáculo de creación mixta fusionando a danza contemporánea ca técnica área xunto ao teatro físico e o teatro do absurdo.

A partir dunha corda que colga do ceo do teatro, *Alma (non é hippie)* comeza a investigar a través de catro mulleres diferentes percepcións sobre unha mesma realidade, desde diferentes puntos de vista creando un espectáculo innovador desde a danza contemporánea, a verticalidade e o movemento.

*Aire
e chan*

Dirección e dramaturxia:
Rolando San Martín/ **Creación
e interpretación:** Marta
Alonso, Raquel Oitavén,
Paula Quintas e Mercé Solé/
Iluminación: Fidel Vázquez/
Vestuario: Fany Bello.



ESTREA

...E, ADEMAIS

**Eliminación da
violencia contra as
mulleres.**
25 novembro | 20.30

ISABEL RISCO

Bravas: Historias das mulleres galegas

PAZO DA CULTURA
ENTRADA LIBRE E GRATUÍTA PREVIA
RESERVA ENTRADA

A actriz Isabel Risco escolleu o escenario carballés para estrear o seu segundo espectáculo unipersoal, no que ofrecerá a súa particular visión da historia das mulleres galegas.

Bravas é un repaso histórico pola nosa era, desde a época castrexa ata o século XXIII de mulleres sen medo, rebeldes e xustas que ese enfrontaron ao poder establecido. Esta artista proponnos un xogo a través dunha viaxe no tempo de teatro cómico e comprometido, cheo de ledicia e combativo, para reivindicar o humor das mulleres, que ofrece unha perspectiva única e plural tan necesaria da realidade.

Intérprete: Isabel Risco/ **Autores:**
Paula Carballreira, Roi Vidal, Clara
Gayo, Xurxo Barcala, Isabel Risco e
Fran Rei/ **Escenografía:** Maquinaria
Pesada e Iria Ribadomar/
Dirección: Isabel Risco e Fran Rei.

Colabora:



Deputación
DA CORUÑA



> COVID-19

A CULTURA É SEGURA. SABÉMOLO E QUEREMOS QUE ASÍ SEXA SEMPRE. POR ISO POÑEMOS EN MARCHA UN PROTOCOLO PARA GARANTIR QUE GOCES TANTO DO TEATRO COMA NÓS.



1. O uso máscara será obrigatorio.



2. A desinfección de mans tamén será obrigatoria. Se non levas xel no peto, non pasa nada: no Pazo da Cultura atoparás dispensadores de xel hidroalcohólico.



3. A apertura de portas será 30 minutos antes de cada función e tanto o acceso como a saída ao recinto realizarase de xeito escalonado mantendo a distancia de seguridade. Procura chegar con tempo e lembra seguir en todo momento as indicacións do persoal de sala: están para acompañarnos e facilitar o noso tránsito!



4. Completamos a limpeza do auditorio antes de cada espectáculo coa desinfección con equipos de nebulización. As medidas hixiénicas están contempladas tamén no sistema de ventilación, optimizado para esta nova situación.



5. A butaca é un asento e deberemos permanecer nel. Se che gusta moito a obra lamentamos dicir que non poderás estar de pé... pero poderás bater as túas mans e amosar todo o teu entusiasmo, nas redes, de xeito virtual!



6. Debido ás actuais restricións, poñeremos á venda 30 entradas por cada función.

+ INFO

Pazo da Cultura
Rúa do Pan s/n
15100 Carballo
T 981 704 300
cultura@carballo.gal
www.carballo.gal

ENTRADAS

> PREZOS ENTRADAS

4 € / 3 €

*Directo 9 (27 nov)
Médula (6 dec)
Alma (non é hippie) (7 dec)*

5 € / 3,5 €

*Leira (28 nov)
Sintempo (5 dec)*

- > Venda de entradas o mesmo día da función na billeteira do Pazo da Cultura desde 60 minutos antes do inicio da actuación.
- > Debido ás restricións sanitarias poñeranse a disposición do público 30 entradas de cada espectáculo.

DE BALDE

*Bravas: historia das nosas
mulleres (25 nov)*

- > Entrada libre e gratuíta, con previa reserva de entrada no email culturaentradas@carballo.gal, enviando nome, apelidos e número de teléfono.
- > Reserva de 2 entradas por persoa como máximo.
- > Recollida de entradas o mesmo día da función na billeteira do Pazo da Cultura desde 60 minutos antes do inicio da actuación.
- > Debido ás restricións sanitarias poñeranse a disposición do público 30 entradas.

Prégase puntualidade. Unha vez comezada a función non se garante o acceso á sala.

PO 2020

ORGANIZAN:



COA COLABORACIÓN DE:



+ INFO:



Cultura Carballo
www.carballo.gal